

## BALANCE DA LEXISLACIÓN E DA XURISPRUDENCIA DE GALICIA 1979-2019

### *Corenta anos dunha vertixinosa liña descendente que debemos erguer*

Xosé Manuel Vidal Barral\*

#### Resumo

Neste texto preséntase un balance da principal lexislación aprobada e da xurisprudencia ditada en materia de protección e dereitos lingüísticos en Galicia nos últimos 40 anos. O autor detense en especial na acción institucional, no ensino, no ámbito socioeconómico, nos medios de comunicación e na toponimia, e fai unha valoración xeral da evolución e resultados desta lexislación.

**Palabras clave:** Galicia; dereito lingüístico; política lingüística; normalización lingüística; galego; Xunta de Galicia; toponimia; Lei de normalización lingüística; Decreto do plurilingüismo; Servizo de Normalización Lingüística.

## A REVIEW OF LEGISLATION AND JURISPRUDENCE OF GALICIA 1979-2019

#### Abstract

*This article reviews the main legislation passed and the jurisprudence issued with regard to language protection and rights in Galicia over the last 40 years. The author focuses on institutional actions, education, the socioeconomic field, the media and toponymy, and provides an overall assessment of the developments in and outcomes of said legislation.*

*Keywords: Galicia; language law; language policy; language normalisation; Galician language; Government of the Autonomous Community of Galicia; toponymy; Law on Language Normalisation; Multilingualism Decree; Language Normalisation Service.*

---

\* Xosé Manuel Vidal Barral, técnico de normalización lingüística y docente. [nel.vidal.barral@gmail.com](mailto:nel.vidal.barral@gmail.com)

**Citación recomendada:** Vidal Barral, Xosé Manuel. (2019). Balance da lexislación e da xurisprudencia de Galicia 1979-2019: Corenta anos dunha vertixinosa liña descendente que debemos erguer. *Revista de Llengua i Dret, Journal of Language and Law*, 72, 256-264. <https://doi.org/10.2436/rld.i72.2019.3369>

## Sumario

- 1 Introducción
- 2 Establecemento da oficialidade, acción normalizadora e uso institucional
- 3 Ensino: de progresividade a regresividade
- 4 Ámbito socioeconómico: sen apenas intervención pública
- 5 Medios de comunicación: público en galego, privado sen condicións
- 6 Toponimia: os nosos lugares, cos nomes que lles puxemos
- 7 Conclusións xerais: a vertixinosa liña descendente que debemos erguer
- 8 Referencias bibliográficas

## 1 Introducción

Nos últimos 40 anos, o uso do galego descendeu en todos os ámbitos de forma acelerada e na poboación de menos de 15 anos, que é a poboación do futuro inmediato, o seu uso máis ou menos habitual dáse en menos do 25%. Nas gráficas de usos lingüísticos a liña do galego é dun descenso vertixinoso e estas amosan que neste período se perderon dous terzos dos/as falantes habituais.

É certo que se gañaron ámbitos de uso concretos, que o idioma galego accedeu a lugares formais, institucionais, académicos, comunicativos etc., antes vetados, mais tamén é certo que os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística, a partir da [Enquisa de Condicións de Vida das Familias de 2013](#), indican que os usos lingüísticos varían moito entre o rural e o urbano e entre a poboación maior e a máis nova. Mais o que é ben significativo é que onde máis se usa o galego hoxe en día é nos ámbitos de maior vontade individual (coa parella o 51%, coas amizades o 51%, cos compañeiros de traballo o 49%...), e onde menos nos ámbitos de maior dependencia da administración (na escola menos do 30%, co médico ou coa médica o 44%...). Polo tanto, pódese concluír deses estudos que, lamentablemente, a acción da administración pública foi, na práctica, desgaleguizadora, e que a lexislación lingüística de Galicia non conseguiu deter ese acelerado descenso de galegofalantes, o que demostra que, ademais da necesidade de tomar medidas urxentes se se quere mudar esa tendencia, esa lexislación aprobada é, claramente, raquífica para as necesidades de futuro do galego.

Neste artigo faremos un repaso xeral da lexislación aprobada e da xurisprudencia ditada en materia de dereitos lingüísticos en Galicia nos últimos 40 anos, centrándonos na acción institucional, no ensino, no ámbito socioeconómico, nos medios de comunicación e na toponimia. Lexislación que seguiu sempre, aínda que a distintos ritmos, un proceso evolutivo, ata a última década, onde comezan os retrocesos que ben podemos resumir a través dos títulos das crónicas lexislativas de Galicia de Alba Nogueira en *Llengua i dret*, que van desde “Fin dunha lexislatura que abriu camiños de protección da lingua” en 2008 ou “A desconstrución da andamiaxe legal do galego” de 2009, ata as máis recentes: “A protección do galego baixo mínimos”, “Informe negativo da CELRM e irrelevancia das políticas lingüísticas”, “Atonía no fin da lexislatura ‘horribilis’”, “Galicia: o esmorecemento lingüístico continúa”, “Activismo social e parálise institucional” ou “Galicia. Sen noticias, malas noticias”.

## 2 Establecemento da oficialidade, acción normalizadora e uso institucional

De acordo coa Constitución española, a oficialidade da lingua galega establécese a través do **Estatuto de autonomía de Galicia de 1981** que, nos catro puntos do seu artigo 5, determina que a lingua propia de Galicia é o galego (punto 1); que os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e todos teñen dereito de os coñecer e de os usar (punto 2); que os poderes públicos garantirán o uso normal dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa e disporán os medios para facilitar o seu coñecemento (punto 3) e que ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua (punto 4).

Esta declaración de oficialidade feita no Estatuto deixa dúas diferenzas principais entre a oficialidade do galego e a do castelán:

- 1) Que se declara o galego como lingua propia, o que significa, segundo a interpretación posterior do Tribunal Constitucional (sentenza 337/1994), que se debe ter con ela un trato desigual, que non discriminatorio, se é precisa unha acción normalizadora que debe, necesariamente, implicar accións de apoio singularizado, e que a Administración debe operar e relacionarse na lingua propia de forma principal.
- 2) Que o castelán é de obrigado coñecemento para toda a cidadanía, tal e como establece a Constitución, mentres que o galego só é un dereito, pero non é de obrigado coñecemento para toda a poboación galega, o que significa unha diferenza substancial no estatuto xurídico entre unha e outra lingua (aínda que despois, na práctica, o galego si que vai ser de obrigado coñecemento para, por exemplo, obter o título da Educación Secundaria Obrigatoria ou para, na maioría dos casos, traballar na administración pública).

A partir de quedar establecido o marco constitucional e estatutario da lingua galega, foise desenvolvendo lexislación lingüística para determinar, por un lado, a acción normalizadora por parte dos poderes públicos e, por outro, para concretar dereitos e obrigas en ámbitos ou situacións determinadas.

Así, aprobouse a **Lei 3/1983 de normalización lingüística**, que en seis títulos e 25 artigos desenvolve a oficialidade lingüística e regula en termos xerais o proceso normalizador.

A primeira singularidade desta lei é que contemplaba, no artigo 1 da súa aprobación inicial, o deber do coñecemento do galego, o que foi recorrido polo goberno español e declarado inconstitucional polo Tribunal Constitucional a través da [Sentenza 84/1986](#), na que se argumenta que “tal deber non vén imposto pola Constitución e non é inherente á cooficialidade da lingua galega”, cooficialidade definida no Estatuto de autonomía. Así pois, tras esa sentenza, a Lei 3/1983 ten que acabar establecendo que “todos os galegos teñen o **dereito** a usalo”, xa sen o aprobado parlamentariamente –pero declarado anticonstitucional– deber, e afianzando, polo tanto, o desigual estatuto xurídico entre unha e outra lingua.

Os seis títulos que compoñen a Lei de normalización lingüística son:

- Título I: “Dos dereitos lingüísticos en Galicia”. Reitera a condición do galego como lingua oficial e propia da nosa comunidade.
- Título II: “Do uso oficial do galego”. Ocupase da súa utilización por parte da administración pública e establece que os topónimos galego terán como única forma oficial a galega.
- Título III: “Do uso do galego no ensino”. Declara o dereito a recibir o primeiro ensino na lingua materna e establece que se promoverá o uso “progresivo” do galego no ensino e que o obxectivo ten que ser que, ao final do ciclo formativo, o galego se coñeza en igualdade de condicións que o castelán.
- Título IV: “O uso do galego nos medios de comunicación”. Establece que o galego será a lingua usual do medios públicos galegos, e que se fomentará o seu uso nos privados.
- Título V: “Do galego exterior”. Ocupase do uso da nosa lingua na emigración e nos territorios de fala galega que non pertencen á Galicia administrativa.
- Título VI: “Da administración autonómica e da función normalizadora”. Establece que o goberno galego e as entidades locais deben fomentar o uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.

Posteriormente, e como desenvolvemento da Lei de normalización lingüística ao ámbito da administración local, aprobouse a [Lei 5/1988 de uso do galego como lingua oficial polas entidades locais](#), en que se determina o deber das administracións locais de redactaren en galego “as convocatorias das sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas e actas das entidades locais”. Ademais, nesta lei tamén se sinala que lle corresponde á Xunta de Galicia o impulso do uso do galego nas administracións locais, papel que ao longo dos anos a administración autonómica foi cumprindo máis mal ca ben.

A partir de aí, e para, por un lado, regular os usos lingüísticos nos concellos e, por outro, establecer a acción normalizadora nos municipios, diversos concellos foron aprobando **regulamentos ou ordenanzas municipais de uso do galego, de normalización lingüística ou de impulso social da lingua galega**. O contido destes textos é bastante desigual, aínda que en xeral foi evolucionando desde a inicial regulación de usos lingüísticos por parte da administración (textos da propia entidade que deben ser redactados en galego ou usos públicos do idioma por parte dos cargos institucionais) ata o máis actual establecemento de medidas para o impulso do galego nos diversos ámbitos sociais (valoración ou condicións lingüísticas para a concesións de subvencións a entidades deportivas, culturais, xuvenís ou empresariais; establecemento de programas de impulso da lingua galega na infancia, xuventude, novas tecnoloxías, comercio ou deporte etc.). Na actualidade son arredor de 50 os concellos que teñen un regulamento ou unha ordenanza deste tipo ([aquí](#)

---

[podemos consultar algúns](#)), e tamén os teñen tres das catro deputacións (A Coruña, Lugo e Pontevedra, é dicir, todas menos a de Ourense).

Tamén se foron os concellos dotando de servizos de normalización lingüística (SNL), isto é, departamentos técnicos inseridos na estrutura da entidade que teñen como función xeral a planificación, xestión, execución e avaliación de accións, programas e proxectos para o incremento do uso e do prestixio da lingua galega en todos os ámbitos sociais. Con todo, a realidade é que os concellos que teñen ese departamento non superan na actualidade os 50 (de 313 municipios que hai en Galicia), ademais a gran maioría destes son unipersoais e boa parte deles non están estabilizados nos organigramas das entidades.

E, aínda que non ten carácter legal, pola súa importancia, por establecer medidas de acción normalizadora institucional e que lle afectan á lexislación, por poder servir de guía para a acción institucional e por ser aprobado polo Parlamento de Galicia (ademais, por unanimidade), cómpre citar aquí o [Plan xeral de normalización da lingua galega](#) aprobado en 2004. Trátase dun documento que fixa obxectivos e medidas concretas para procurar acadar eses obxectivos en tres sectores transversais (dereitos lingüísticos, novas tecnoloxías e implementación do corpus) e sete verticais (administración; educación, familia e mocidade; medios de comunicación e industrias culturais; economía; sanidade; sociedade e proxección exterior da lingua). Mais tamén é certo que desde 2009 o goberno galego, lonxe de cumprir algunhas das medidas máis importantes establecidas nese documento, actúa e promove legislar na súa contra, principalmente no ensino. Neste ámbito, o PXNLG contempla, por exemplo, medidas como as de establecer oferta educativa en galego na educación infantil para todas as nenas e todos os nenos galegofalantes, as de desenvolver programas experimentais en galego para castelanfalantes ou as de garantir que na educación primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos o alumnado reciba, como mínimo, o 50% da súa docencia en galego.

Ademais das citadas, poderíámonos referir a artigos concretos de múltiples leis que regulan usos lingüísticos en determinadas situacións ou ámbitos, mais, ao non podermos afondar demasiado, pola súa importancia ímonos limitar a citar dous concretos: un referido ao acceso á función pública e outro ao uso do galego na prestación de servizos públicos.

Coa Lei 2/2009 modificouse o artigo 35 da Lei da función pública de Galicia (hoxe derogada coa Lei 2/2015 do emprego público de Galicia), que ata ese 2009 establecía que, para acceder á función pública, era preciso realizar un dos exames de acceso *en* galego, o que facilitaba que se garantise a competencia lingüística no ámbito de traballo concreto da persoa candidata, mais con esa modificación de 2009 estableceuse que, para o acceso á función pública, abonda con certificar coñecementos lingüísticos a través dun título. Ese novo método de certificar competencia lingüística sen ter que demostrala na práctica, vixente na actualidade na [Lei 2/2015 do emprego público de Galicia](#), supuxo o primeiro importante paso atrás lexislativo en materia de normalización lingüística cando foi aprobado pola nova maioría do Partido Popular en 2009, acabado de chegar ao goberno da Xunta de Galicia, argumentando que o galego supuña unha “barreira lingüística”, tal e como se indicaba na exposición de motivos da proposta de Lei 2/2009.

Tamén pola súa importancia queremos referirnos ao artigo 38.1.c da [Lei 1/2015 de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración](#), pois concreta por vez primeira, nun texto lexislativo que lles afecta a todas as administracións galegas, que “o galego será a lingua de uso normal e preferente en todas as actividades relacionadas coa organización e prestación dos servizos públicos”, algo que, aínda que estea moi lonxe de ser cumprido, ten que se considerar positivo que quede establecido nunha lei.

### **3 Ensino: de progresividade a regresividade**

No ámbito concreto onde máis se foi desenvolvendo a lexislación lingüística foi no do ensino, pois desde a Lei xeral de educación de 1971, en que se fai referencia á posibilidade do uso da “lingua nativa” na educación preescolar, a incorporación do galego foi progresiva nos diversos textos lexislativos e decretos. Progresiva (tal e como establece o artigo 13 da Lei 3/1983) só ata 2010, cando se aproba un texto contrario a esa progresividade, o Decreto para o plurilingüismo, no que por vez primeira o espazo para o galego no ensino se reduce con respecto ás regulacións anteriores.

Aínda que o ensino da lingua galega como materia obrigatoria se establece inicialmente no Decreto de bilingüismo de 1979, o desenvolvendo da Lei de normalización lingüística de 1983 neste ámbito regulouse por vez primeira a través do **Decreto 247/1995**. Neste fixouse que a administración educativa e os centros de ensino debían utilizar o galego e fomentar o seu uso, que se lle debía dedicar o mesmo tempo ao ensino do galego e ao do castelán e que a galega sería a lingua vehicular de determinadas áreas e materias segundo os niveis, que suporían un mínimo aproximado dun terzo.

Ese decreto modificouse posteriormente para aplicar o acordado, por unanimidade parlamentaria, no Plan xeral de normalización da lingua galega de 2004, no que se establece un mínimo do 50% de materias impartidas en galego (en educación primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos) e liñas experimentais de ensino infantil na lingua propia de Galicia, e fixose a través do consensuado **Decreto 124/2007 de uso e promoción do galego no sistema educativo**.

Mais tres anos despois, en 2010, e tras unha forte campaña política e mediática contra a presenza da lingua galega na educación e a favor da “libre elección” de idioma no ensino, a recuperación da maioría parlamentaria por parte do Partido Popular fixo que se volveuse modificar a situación a través do [Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no sistema educativo](#). Neste, por vez primeira na democracia actual, e despois de rachar o consenso acadado no PXNLG, o goberno reduce a presenza do galego no ensino como lingua vehicular para establecer un marco xeral, teórico, de tres terzos: un para o galego, un para o castelán e un para unha lingua estranxeira (na práctica, o inglés). Mantense, iso si, o obxectivo de que ao final do ensino se teña plena competencia en galego, algo que, segundo os estudos máis recentes, non se está a conseguir. Ademais, a combinación deste decreto coa LOMCE fai que, en xeral, a presenza do galego como lingua vehicular no ensino sexa, na práctica, aínda inferior a un terzo en boa parte dos casos, e que nunca poida ser utilizado, tal e como se establece nese decreto, na materia de Matemáticas de Primaria (art. 6.3) nin nas materias de Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química en Secundaria (art. 7.3), que deben ser impartidas obrigatoriamente en castelán (ou, en seccións bilingües, en calquera lingua que non sexa a galega).

Ese Decreto 79/2010 tamén contemplaba inicialmente unha polémica pregunta ás familias para determinar a lingua do ensino infantil, co que se incorporaba así a filosofía da libre elección de idioma no ensino. Mais o TSXG, nunha sentenza de 2012, anulou ese artigo 5.2 lembrando que os poderes públicos “teñen encomendada a programación xeral do ensino” e que, polo tanto, a Administración “non pode abdicar, sometendo a votación un aspecto tan fundamental como a lingua que se debe empregar na etapa da educación infantil”.

A aprobación deste decreto fixose co posicionamento en contra de toda a comunidade educativa (profesorado, familias, alumnado, persoal non docente...), de todos os sindicatos e de todos os partidos políticos da oposición parlamentaria e tivo como resposta multitudinarias e históricas manifestacións.

O ámbito do ensino é, segue a ser, onde máis tensión política e social produce a lexislación lingüística, con continuos chamamentos por parte de asociacións e plataformas en defensa da lingua (nomeadamente A Mesa pola Normalización Lingüística e Queremos Galego) e por parte de todos os partidos da oposición (na actualidade PSdeG-PSOE, En Marea, BNG e Grupo Mixto) para que o goberno (PP) volva ao consenso do PXNLG, e con continuos movementos por parte deste para contentar as plataformas contrarias ao uso do galego no ensino. Un exemplo disto é a continuidade da consulta ás familias sobre a lingua do ensino infantil anulada polo TSXG, mais agora, di o goberno, feita só como consulta non vinculante, para burlar así a referida sentenza do TSXG.

En definitiva, o certo é que os últimos estudos indican que ao final da ESO a rapazada non acada o mesmo nivel de competencia en galego ca en castelán e que o uso do galego está en mínimos históricos entre as rapazas e os rapaces en idade de ensino obrigatorio. Ambos os aspectos demostran que a lexislación lingüística non está a cumprir a finalidade de fomento do uso e prestixio da lingua galega.

#### **4 Ámbito socioeconómico: sen apenas intervención pública**

Aínda que no ámbito socioeconómico a lexislación estatal é claramente intervencionista en aspectos como a etiquetaxe para garantir a presenza do castelán, a intervención para garantir a presenza do galego é

practicamente nula, e só se trata neste ámbito a presenza da lingua propia de Galicia como unha opción, como, por exemplo, cando se legisla para protexer as persoas consumidoras. Vemos exemplos en textos como a [Lei 2/2012 galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias](#), na que se incorporan varios preceptos que fan alusión aos dereitos lingüísticos como dereitos básicos dos/as consumidores/as. Por poñer un caso, no art. 11 desa lei fálase de “Poder usar calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co previsto no ordenamento xurídico”.

Alén disto, e aínda que se deixa claro que o uso do galego só é unha opción na etiquetaxe, no punto 2 do artigo 46 da mesma lei sinálase que, “Sen prexuízo das exixencias legais e regulamentarias relativas á utilización do castelán na etiquetaxe e na presentación dos bens e servizos comercializados en España e as súas excepcións, na etiquetaxe dos produtos, así como na publicidade, as ofertas, as promocións ou as comunicacións comerciais realizadas en Galicia poderá utilizarse calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia”. Tamén é certo que no punto 3 do mesmo artigo se sinala que “A Administración autonómica incentivará a utilización da lingua galega na oferta de compra, na información de carácter fixo e documentación, nas relacións entre os consumidores, e destes cos ofertantes”, aínda que isto nunca, ou moi poucas veces, se concretou en, por exemplo, pregos de condicións para a compra de produtos ou contratación de servizos por parte da administración, que é onde, na práctica, se tería que concretar.

Se ben é certo que nos primeiros borradores de 2008 e 2009 da Lei do comercio interior de Galicia figuraban incentivos para os establecementos que rotulasen, cando menos, en galego, a aprobación final desta [Lei 13/2010](#) nada determina ao respecto, e limitábase a indicar, no seu artigo 5, que “ninguén poderá ser discriminado ou atendido incorrectamente por razón da lingua empregada” e que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal dos dous idiomas”, sen, polo tanto, establecer ningunha medida para o fomento ou a protección da lingua menos empregada neste ámbito, que é a lingua propia.

## 5 Medios de comunicación: público en galego, privado sen condicións

No relativo á lexislación lingüística que ten que ver cos medios de comunicación e co sector audiovisual, cómpre destacar a [Lei 9/1984 de creación da Compañía da Radio-Televisión de Galicia](#), que xa no seu artigo 1.1 lles atribúe á radio e á televisión públicas a misión da “promoción, difusión e impulso da lingua galega”, polo que fixa así este entre os obxectivos fundamentais dos medios de comunicación públicos de Galicia. Este é o motivo polo cal o idioma da súa emisión, con carácter xeral, é o galego, coa excepción na televisión da publicidade, que é emitida tamén en castelán. Poderíamos discutir –de feito, é unha discusión habitual nas análises sobre o proceso de normalización lingüística–, se a través dos contidos emitidos se está realmente promocionando e impulsando a lingua galega, tal e como é mandato legal, mais con isto xa entraríamos no necesariamente subxectivo terreo da avaliación de calidade, modernidade ou atractividade dos contidos emitidos.

Para afondar nisto, o artigo 4 da Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia sinala que a actividade da comunicación audiovisual da RTVG se inspira no principio da “promoción e difusión da cultura e lingua galegas”, ademais de establecer o galego, no artigo 6, como o idioma de uso da propia Corporación.

Alén diso, a intervención lexislativa na lingua dos medios de comunicación non públicos é practicamente nula, e os únicos mecanismos a través dos que se poderían fixar certos condicionantes idiomáticos, como poderían ser as convocatorias de axudas públicas ou a contratación de publicidade institucional (non existe unha Lei de publicidade institucional ou similar), non se usan de maneira efectiva para o fomento da lingua nos medios beneficiados: non hai establecidos criterios que favorezan a contratación de publicidade institucional nos medios de comunicación en galego, non se condiciona a contratación de publicidade a un mínimo uso da lingua etc.

A modo de exemplo, é rechamante o uso das [axudas públicas da Xunta de Galicia aos medios de comunicación privados](#), divididas principalmente en dúas liñas, unha destinada a “empresas xornalísticas” (sen especificar lingua) e outra a “empresas que realicen publicacións escritas integramente en galego”. Pois ben, mentres que os únicos condicionamentos lingüísticos das primeiras son o dun mínimo do 10% (progresivo) de presenza

do galego no medio e o respecto do uso do galego nas declaracións das que se fagan eco (dous aspectos que moitos dos medios beneficiados é notorio que non cumpren), a súa dotación orzamentaria achégase aos dous millóns de euros (1.976.777 € en 2019). Pola contra, a dotación orzamentaria das axudas aos medios en galego é de apenas o 2% desa cantidade (40.000 € en 2019). Dificilmente se pode dicir que se fomenta a lingua propia nos medios de comunicación privados cando o conxunto dos arredor de 20 medios en galego (revistas e semanarios, pois non hai na actualidade ningún diario<sup>1</sup>) reciben de axuda económica da Xunta a cantidade total de 40.000 €, mentres un só xornal en castelán, el só, recibe máis dun millón de euros<sup>2</sup>.

## 6 Toponimia: os nosos lugares, cos nomes que lles puxemos

Polo que se refire á toponimia, estableceuse no artigo 10 da xa citada **Lei 3/1983 de normalización lingüística** que “Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega”, que lle corresponde á Xunta de Galicia determinar os nomes oficiais dos lugares e que “Estas denominacións son as legais a todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas”. Deste xeito, e a diferenza doutras comunidades bilingües, a toponimia ten unha única forma oficial, que é a galega.

Aínda así, a pesar da claridade lexislativa neste sentido, [son frecuentes as contradicións lanzadas desde a Real Academia Española \(RAE\)](#) que recomenda, en contextos non administrativos, as formas deturpadas dos nomes tradicionais de lugar, e faino tanto en diversos manuais como en consultas puntuais en que propón o uso de formas non oficiais e lingüisticamente inxustificables como *\*Sangenjo*, *\*La Coruña*, *\*Mugía* etc.

Para a oficialización dos topónimos de cidades, vilas, concellos, parroquias, lugares etc., a Xunta de Galicia aprobou o Nomenclátor de Galicia (fóronse oficializando por provincias entre os anos 1996 e 2003), como proposta da Comisión de Toponimia, constituída como órgano asesor do Goberno de Galicia nesta materia, o que se realizou a través do Decreto 43/1984, modificado polo Decreto 174/1998. O procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia de Galicia fixouse no [Decreto 132/1984](#).

Tal e como sinala Nogueira na “Crónica lexislativa de Galicia do 2n semestre de 2012”, nese período anunciouse e someteuse a alegacións un borrador para un novo decreto que regularía o uso dos topónimos. Este proxecto buscaría estender o emprego correcto e oficial dos topónimos, isto é, en galego, a **ámbitos privados (negocios, parques eólicos, rexistros mineiros etc.)**. **Non obstante**, como sinala a autora, “semella que a campaña contraria desenvolvida desde organización pro-monolingüismo castelán en contra deste proxecto paralizou a súa aprobación xa que nos meses vindeiros non foi publicado no diario oficial ([http://ccaa.elpais.com/ccaa/2012/07/16/galicia/1342465241\\_864802.html](http://ccaa.elpais.com/ccaa/2012/07/16/galicia/1342465241_864802.html))”.

Máis de tres décadas despois da declaración de oficialidade única das formas galegas, aprobouse tamén a Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, na que, no artigo 67, se declara a toponimia tradicional como “un valor identitario da Comunidade Autónoma así como un instrumento para a concreción da denominación xeográfica dos pobos e dos seus bens”, e fíxase o mandato de que a Xunta de Galicia vele pola súa preservación.

## 7 Conclusións xerais: a vertixinosa liña descendente que debemos erguer

Indicabamos na introdución deste artigo que nos últimos 40 anos o uso do galego descendeu en todos os ámbitos e que o fixo, ademais, de maneira moi brusca e acelerada, ata o punto de que se perderon dous terzos dos/as falantes e, na poboación de menos de 15 anos, o seu uso máis ou menos habitual non chega ao 25%. Nas cidades esa porcentaxe é dunha media tan só de arredor do 5% e, en termos xerais, a vertixinosa liña segue na actualidade na mesma tendencia descendente.

Deste xeito, se a lexislación lingüística tivese que ter como finalidade a protección da lingua, a garantía dos dereitos lingüísticos dos seus e das súas falantes, a garantía do seu uso e prestixio nos diversos ámbitos sociais e, en definitiva, o futuro da lingua, a conclusión non pode ser outra que a do fracaso da devandita lexislación.

<sup>1</sup> Está anunciada a publicación dun xornal diario en galego en papel para comezos de 2020, co nome de *Nós Diario*, da mesma empresa que o semanario *Sermos Galiza*.

<sup>2</sup> Véxase a Resolución do 10 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se publican as axudas concedidas a empresas xornalísticas e de radiodifusión: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181228/AnuncioG0244-121218-0002\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181228/AnuncioG0244-121218-0002_gl.pdf)



Fracaso, claro está, por insuficiente, por nada ambiciosa para o futuro do galego e por, seguramente, non estaren na mente da maioría lexisladora eses obxectivos que nós queremos supoñer.

Temos un claro exemplo no ensino: se supostamente se marca como obxectivo que ao final da etapa obrigatoria se acade o mesmo nivel de competencia en galego ca en castelán, como se pode conseguir iso reducindo a presenza do galego na docencia? E se, ademais, se fan análises posteriores sobre a consecución dese obxectivo e se conclúe que a competencia en galego descendeu, como se pode insistir nesa norma que limita o uso da lingua propia no ensino?

Aínda que non en textos lexislativos, pero si en convocatorias de subvencións, temos outro claro exemplo nos medios de comunicación escritos: que obxectivo lingüístico pode ter dedicarles dous millóns de euros a medios en castelán para que a presenza do galego sexa de, cando menos, o 10%, e sen cumprilo, ao mesmo tempo que se destina unha partida de só 40.000 € para os medios en galego?

A conclusión xeral non pode ser outra: a lexislación existente non procura o incremento do uso e o prestixio da lingua galega e, pola contra, está a conseguir manter o seu descenso.

## 8 Referencias bibliográficas

- Ferreira Fernández, Xavier, Nogueira López, Alba, Tato Plaza, Anxo, Villares Naveira, Luís. (2005). *O estatuto xurídico da lingua galega*. Vigo: Ed. Xerais.
- Graña Martínez, Venancio (coord.). (2002). *Lexislación da lingua galega*. Xunta de Galicia.
- Nogueira López, Alba. (2010). [Crònica legislativa de Galicia. Primeiro semestre de 2009. A deconstrución da andamiaxe legal do galego](#). *Revista de Llengua i Dret*, 53, 370-380.
- Nogueira López, Alba. (2010). [Crònica legislativa de Galicia. Segundo semestre de 2009. Poñendo o contador a cero: derogando a lexislación de normalización do galego](#). *Revista de Llengua i Dret*, 54, 420-427.
- Nogueira López, Alba. (2011). [Crònica legislativa de Galicia. Primeiro semestre de 2010. Equilibrio formal ou igualdade real? Regresividade na regulación lingüística do ensino e outras regaixas](#). *Revista de Llengua i Dret*, 55, 232-245.
- Nogueira López, Alba. (2011). [Crònica legislativa de Galicia. Segundo semestre de 2010. Malos tempos para a lingua](#). *Revista de Llengua i Dret*, 56, 228-233.
- Nogueira López, Alba. (2013). [Crònica legislativa de Galicia. Primeiro semestre de 2012. Atonía no fin da lexislatura 'horribilis'](#). *Revista de Llengua i Dret, Journal of Language and Law*, 59, 191-195.
- Nogueira López, Alba. (2013). [Crònica legislativa de Galicia. Segundo semestre de 2012. Galicia: o esmorecemento lingüístico continúa](#). *Revista de Llengua i Dret, Journal of Language and Law*, 60, 191-194.
- Villares Naveira, Luís (coord.). (2010). *Estudos xurídicos sobre o decreto do plurilingüismo*. Laivento.